# O problema do Ser

1º BACH (unidade 10)

# O problema do Ser.

S. **VI a.C.** Paso do ***mythos*** (irracionalidade) ao ***logos*** (racionalidade)

Os **presocráticos**. Observación racional da natureza (*physis*)

Presocráticos → Platón → Aristóteles

**Movemento**
(cambio)



**Multiplicidade**
(diversidade de seres)



**Mundo Intelixible**
Ideas eternas e inmutables

**Mundo sensible**
Copias da Idea
A participación

**NON A DUALIDADE DE MUNDOS**

***Arjé***: Principio fundamental (do que está feito) do Universo (mundo)

# O problema do Ser.

## Os presocráticos

# O problema do Ser. Os presocráticos: Parménides



- Arjé: ***O ser*** (tamén chamado **“O un”**)
- O ser é **único, eterno e inmortal**
- Nega a existencia do:
  - **Cambio**: Implicaría transición ***Non ser ao*** → ***Ser*** (imposible para Parménides)
  - **Multiplicidade**: Implica a existencia dun ***Non ser*** (que é distinto ao ser).
- É o “iniciador” da ***Ontoloxía***.

> “O ser é e o *non ser* non é”



# Parménides

Considera que **os sentidos son enganosos** e **non fiables (os sentidos perciben o cambio e a multiplicidade)**

→ Coñecemento **aparente** (non real)

2 vías de coñecemento

→ Vía da opinión (sentidos)

→ Vía da verdade (razón, *logos*)

# O problema do Ser. Os presocráticos: Heráclito



- Arjé: ***O lume***
- A diferencia de Parménides, pensa que o mundo está en **constante cambio** ***(devir).***
- Escolle o lume, por consideralo como creador e destructor nun ciclo sin fin de eterno cambio.




"Todo flúe" (*Panta rei)*

"Non é posible bañarse dúas veces no mesmo río"

# O problema do Ser. Época clásica: Platón



# O problema do Ser. Época clásica: Platón

- **Platón**, ao igual ca os presocráticos vai intentar **explicar a natureza desde un prisma racional**, aínda que, nalgunhas ocasións vai recorrer ao mito (Atlántida, Caverna, Er, etc.) para ilustrar as súas ideas.
- Tamén vai intentar dar resposta as dúas preguntas fundamentais planteadas anteriormente:
  - Por que cambian os seres? (cambio / movemento)
  - Por que existen diferentes seres? (multiplicidade)



**Representación da Atlántida segundo a descrición dada por Platón**

# Dualismo Ontolóxico (Platón). Como é a realidade?

**Mundo das Ideas**
Eterno, inmaterial, inmutable, coñecible pola razón, verdadeiro coñecemento (*episteme*)

**Mundo Sensible**
"Creado" polo *demiurgo*, material, mutable, coñecible polos sentidos, coñecemento falso (opinión, *doxa*)



# Platón. Teoría das Ideas. Diversidade de seres (multiplicidade)

- **Cada cousa / ser posúe a súa idea da que participan (*idea de participación*, *methexis*)**
- **A idea = Esencia**



# Platón. Teoría das ideas. O cambio (movemento).

- Platón **explica o cambio** (movemento) e a **relación entre o mundo sensible e o intelixible** alegando que os seres / obxectos do mundo sensible son **copias** *(mímese)* da **idea** da que participan.

Idea de Humano



A idea permanece inmutable mentres que **a copia é a que cambia.**

Isto implica que **para obter o verdadeiro coñecemento** das cousas, seres ou –incluso- valores éticos, etc. hai que buscar **nas súas ideas correspondentes** non a copia xa que esta é cambiante, e polo tanto a información que proporciona non é fiable.

# Dualismo epistemolóxico




## A relación *ser - coñecer*

- Ser: Dúas realidades
- Coñecer: Coñecementos distintos dependendo da realidade.

**Mundo sensible**: O que percibimos polos sentidos. **Non é coñecemento válido**, sólo opinión (*doxa*)
**Mundo das Ideas**: Coñecemento **válido** (*episteme*).

# Dualismo antropolóxico. Platón

- Platón defende un **dualismo** que divide:
  - **Alma** *(psyché)*: Inmortal,e coñecedora (foi creada alí) do mundo das ideas (necesita lembralas) → *Anamnesis*.
  - **Corpo**: Mortal, relacionado co mundo sensible.

| **Dualismo Antropolóxico** | | **Dualismo Ontolóxico** |
|---|---|---|
| Alma *(psyché)* | ↔ | Mundo intelixible |
| Corpo | ↔ | Mundo sensible |

A alma é a que pode acadar o coñecemento auténtico pero: **que é a alma?**



# Dualismo antropolóxico. A alma.

Non entra no exame

- É o **motor da vida** e das **funcións cognitivas.**
- A **alma** é a única capaz de **ascender** ao mundo das **ideas** (os sentidos / corpo non).
- O **medio** para que a **alma** **ascenda** é a **educación.**
- **A educación** só é posible gracias aos **filósofos** (porque só eles coñecen a verdade) que **crearán novos filósofos** → **Deber moral de ensinar**
- Platón entende a **educación** da **alma** **non só como unha mera adquisición de coñecementos** → Engade unha **dimensión ética** que relaciona **comportamento e virtude**.



# Dualismo antropolóxico. A alma platónica

- Platón concibe o **corpo** como unha **prisión para a alma.**
- Afirma que a **tarefa** da **alma** é **liberarse do corpo**
- Para liberarse debe **purificarse.** A **fonte das impurezas** son os **apetitos corporais e necesidades sensibles** → Debe **controlar os apetitos e as emocións**




Alegoría do carro alado (*Fedro*)

# A alma platónica. Teoría das ideas

Non entra no exame

- Forte influencia **pitagórica**.



Inmortal
Natureza distinta ao corpo. O corpo = prisión da alma
Metempsicosis (as almas migran de corpoen corpo ao morrer)
As almas deben purificarse en vida
O número 3 como símbolo de armonía e totalidade

Inmortal
Natureza distinta ao corpo. O corpo = prisión da alma
Metempsicosis (mito de Er)
As almas son xulgadas ao morrer
3 partes da alma:
- Racional (*logos*)
- Irascible (thymos)
- Concupiscible (*ephytimia*)



# O *Mito de Er*. Transmigración das almas.

Non entra no exame

1. Xuízo das almas
   - As xustas son **premiadas** → Paraíso por 1000 anos
   - As inxustas son **castigadas** → Inferno por 1000 anos

2. A reencarnación → As almas poden escoller a súa nova vida.
   Os xustos: Unha vida mellor
   Os inxustos: Unha vida peor

3. Esquecer a vida anterior → As almas deben beber do río *Leteo* (un dos 5 ríos do inframundo que fai olvidar) para **esquecer a súa vida pasada**



# Dualismo antropolóxico. A alma platónica. Alegoría do carro alado.

- ***Alegoría do carro alado*** *(Fedro)*:
  - O **auriga** é **a parte racional** (*logos*), situada na cabeza.
  - O **cabalo branco** é a **parte irascible** ou da **vontade** (*thymos)* e está no peito
  - O cabalo negro é a **parte concupiscible** ou do **desexo** e está no ventre.
  - Se a parte racional **perde o control** ben dun cabalo ou doutro a **alma descende** (á caverna), do contrario **ascende e mantense / alcanza o mundo das ideas.**




O que intenta transmitir Platón é que **para levar unha vida virtuosa, a razón debe controlar os desexos e as vontades** (por elevadas que poidan ser)

# *A república*. A alma platónica. Educación e política.

Non entra no exame

- A educación (*paideía*) é o **principal cometido do estado**.
- A **educación non é igual** para tod@s en ***Calípolis*** (estado belo), nome da *polis* utópica de Platón.
- A **división do traballo faise en función das necesidades naturais** (seguridade, goberno, manutención)
- É un sistema **ríxido**. Os cidadáns **non poden cambiar de clase social** xa que están **seleccionados** en función **da parte da alma predominante neles**.

| Partes da **alma** | Partes da **sociedade** | **Virtudes** |
|---|---|---|
| **Racional** | **Gobernantes - Filósofos*** | **Sabedoría, prudencia** |
| **Irascible** | **Gardiáns** (militares) | **Fortaleza** |
| **Concupiscible** | **Produtores** (campesinos, artesáns, etc.) | **Moderación** |

*Tamén chamados *gardiáns perfectos*

# A sociedade ideal platónica. Política.

Non entra no exame

- A **orixe** do *goberno ideal de Platón* xorde da **necesidade** dos **individuos**.
- É **utópica** → Viraxe á realidade en *O Político* e *As Leis*.
- O **correcto funcionamento depende** de que cada **clase social cumpla coa súa función** = **harmonía entre estamentos** = **Xustiza**
- Unha sociedade **xusta** <u>non pode existir</u> sin **cidadáns xustos, de aí a importancia clave da educación** (é necesario coñecer a **idea de xustiza** previamente).






# O problema do Ser. Época clásica: Aristóteles



# O problema do Ser. Época clásica: Aristóteles

- Aristóteles **non nega a existencia das esencias / universais** sólo a súa **existencia separada** (trascendencia) senón que debe estar no propio obxecto (inmanencia).
- Para Aristóteles o **mundo sensible = mundo real** (non como Platón que o consideraba aparente).

Existencia de Ideas

Existencia separada da realidade





# O problema do Ser. Época clásica: Aristóteles

- Cando Aristóteles desenvolve as súas investigacións sobre animais salvaxes, empeza a **cuestionar a teoría das ideas de Platón**.
- Aristóteles sostén que a **esencia/ idea dos obxectos e seres vivos non é unha idea invisible**, senón que **se atopa no interior de cada individuo concreto**.





**Forma**/**Idea** (eidos)/**Esencia**:
É o que nos define como especie

# Aristóteles. A substancia.

- Aristóteles afirma que o ***ser*** (entendido como todo o que existe na realidade, ben sexa animal, vexetal ou mineral) **é** –fundamentalmente- **substancia** (*ousía*).




"En verdade, o que en todo tempo pasado e presente, constitúeo eterno obxectode estudoe o eterno problema, Que é o ser?, equivale a isto: Que é a sustancia?. Haiquendi que a sustancia é única, outrosen cambio, presuponen moitase, entre estesunssostén que seunúmero é finito e outrosinfinito. (*Metafísica*. Aristóteles)

# O problema do Ser. Época clásica: Aristóteles. A substancia.

- A ***substancia*** constitúe a **identidade das cousas**, **o que as fai ser o que son**, e <u>permanece aos cambios</u>.
- Os ***accidentes*** son <u>aquelas características do ser que poden ser modificadas</u> (peso, pelo, altura, etc.) sen afectar á substancia.
- Exemplo:
  - Substancia: Russel Crowe
  - Accidentes: peso, pelo, cor da pel, etc.



# O problema do Ser. Época clásica: Aristóteles. A substancia.

- Aristóteles distingue:
  - ***Substancia primeira*** (Ousía): Individuo concreto = **Aristóteles**
  - ***Substancia segunda*** (*deutera ousía*): Forma, Idea, Universal / Esencia = **humano.**



# O problema do Ser. Época clásica: Aristóteles. A substancia.

- Exemplo: *Rafael Nadal*
  - Substancia primeira: *Rafael Nadal*
  - Substancia segunda: Humano
  - Accidentes: Pelo curto, máis / menos musculado, arrugas, etc.





# O problema do Ser. Idade Media. A substancia.

- No medievo, na ***metafísica escolástica*** **Deus** era a **substancia más perfecta** e **necesaria**.
- **Todos os seres derivan del.**



# O problema do Ser. Idade Moderna. A substancia.

- Na **Idade Moderna**, se definía a **substancia** como aquelo que *"é por sí e para sí, sen necesidade de ningún outro para existir"*.
- **Descartes** distinguiu tres substancias:
    - ***Res* Cogitans*** (conciencia)
    - ***Res Extensa*** (corpos)
    - ***Res Infinita*** (Deus)
- **Spinoza** sólo unha: **Deus / Natureza**



*Res= Cousa / substancia

# O problema do Ser. Época clásica: Aristóteles. A substancia.O movemento (cambio).

## A substancia como composto de xénese e cambio

- Aristóteles distingue entre ***potencia (dynamis)*** e ***acto (energheia)*** e que, de paso, permítelle explicar a relación entre materia (o que constitúe o ser) e forma (como é).
- A **potencia** é a condición polo que a materia ten a **posibilidade** de asumir unha determinada forma.
- O **acto** é o **estado no que esa forma realizouse.**
- O fenómeno dun **obxecto que alcanzou o culmen da súas potencias** coñécese como ***Entelequia*.**
- As **potencias** veñen **determinadas** pola **natureza do Ser** e non sempre se cumplen todas.



# O problema do Ser. Época clásica: Aristóteles. A substancia.O movemento (cambio).

Brote

Semente





É **acto** (semente) **tamén é potencia** porque pode cambiar segundo o seu fin (convertirse en árbore)

É **acto** (brote) pero **tamén é potencia** porque pode cambiar segundo o seu fin (convertirse en árbore)

O que **motivaría o cambio (movemento)** sería a nosa **substancia segunda** (esencia / forma universal).
Á substancia segunda da semente é a árbore, polo tanto, a semente de xeito natural intentará cambiar ata convertirse nunha árbore.

# O problema do Ser. Época clásica: Aristóteles. Lóxica e metafísica

- A **lóxica**, segundo Aristóteles, é o **estudo das formas de dedución correcta**.
- A lóxica se centraría na **análise de proposicións** (unión entre suxeito (S) e predicado (P) que pode ser verdadeiro ou falso). É dicir, a lóxica aristotélica se **basea na linguaxe**.
- A través dese análise se poden **obter regras** de cómo proceder correctamente de maneira lóxica.
- O **fin último da lóxica** sería servir de guía para cómo proceder no **coñecemento correcto da realidade**.



# O problema do Ser. Época clásica: Aristóteles. Lóxica e metafísica

- Lóxica e metafísica danse a man xa que ambas traballan *a priori* (sen necesidade da experiencia), polo tanto **unha das ferramentas máis importantes para estudar a metafísica sería a través da lóxica**.



# O problema do Ser. Época clásica: Aristóteles. Lóxica e metafísica.Categorías e Modos de Ser.

- Para Aristóteles, os **elementos últimos do pensamento** (expresables mediante a linguaxe) serían os termos ou **palabras**.
- Para  Aristóteles unha **palabra** non pode ser usada correctamente sen **relacionala co obxecto/realidade que representa/expresa.**
- Do estudo das palabras xorde a obra ***Categorías***.



# O problema do Ser. Época clásica: Aristóteles. Lóxica e metafísica.Categorías e Modos de Ser.

## Que son as ***categorías***?

- As *categorías* serían:
  - A) **Referidas á linguaxe**: Predicados posibles dun suxeito. (ex: (S)"Xoánn (P) pesa 30 kg" (cantidade)).
  - B) **Referidas a realidade** (ontoloxía): Son os ***modos de ser*** (*genera entis*). Para Aristóteles **o "ser" está estruturado de moitas maneiras, e cada categoría representa unha de esas formas** na que algo realmente **é** no mundo. Por exemplo, a categoríaa "cantidade" existe porque os obxectos teñen dimensións físicas reais, non porque nós decidamos medilos..

Aristóteles cre nunha **harmonía entre o pensamento e o mundo**. Se a nosa mente clasifica algo como unha "acción" ou unha "relación", é porque na natureza existen procesos e vínculos que corresponden a eses conceptos. As **categorías** son, por tanto, os **xéneros supremos tanto do que se di (lóxica) como do que existe (metafísica)**.

# O problema do Ser. Época clásica: Aristóteles. Lóxica e metafísica.Categorías e Modos de Ser.







Substancia primeira:
O individuo concreto
(ex: Iago Aspas)

# O problema do Ser. Época clásica: Aristóteles. Lóxica e metafísica.Categorías e Modos de Ser.

| Categoría | Pregunta | Ejemplo (Suxeito: Xoán) | Ejemplo (Suxeito: Un can) |
|---|---|---|---|
| 1. Esencia (s.2) | ¿Qué é? | Hombre (Esencia) | Canino (Esencia) |
| 2. Cantidade | ¿Canto? | Mide 1.80m / Pesa 80kg | Pesa 15kg |
| 3. Cualidade | ¿Como é? | É sabio / é moreno | É juguetón / É marrón |
| 4. Relación | ¿Respecto a qué? | É fillo de Pedro | É máis pequeno ca un lobo |
| 5. Lugar | ¿Onde? | Está na oficina | Está nojardín |
| 6. Tempo | ¿Cando? | Existe hoxe ás 10:00 | Naceu o ano pasado |
| 7. Posición | ¿En qué postura? | Está sentado | Está tumbado |
| 8. Hábito (Estado) | ¿Que ten? | Leva una túnica / calzado | Leva un colar |
| 9. Acción | ¿Que fai? | Está escribindo | Está ladrando |
| 10. Paixón | ¿Qué recibe? | É quentado polo sol | É acariciado |



# Texto Aristóteles

**Texto páx. 194 (Aristóteles)**



# O problema do Ser. Época clásica: Aristóteles. O motor inmóbil.

- Aristóteles preguntouse **como e por que se movían os corpos celestes**, desenvolvendo a chamada ***cosmoloxía aristotélica***.
- Esta cosmoloxía será posteriormente desenvolvida por Claudio Ptolomeo creando a cosmoloxía *aristotélico – ptolemaica* que se manterá **vixente ata Copérnico**.



# O problema do Ser. Época clásica: Aristóteles. O motor inmóbil.

- Para Aristóteles **todo fenómeno ten unha causa qué o explique e xustifique a súa existenza.**
- Isto se traduce en que -para Aristóteles- **para que algo se mova (cambie), ten que haber algo que o estea movendo.**



# O problema do Ser. Época clásica: Aristóteles. O motor inmóbil.

- Para Aristóteles e, en xeral en todo o mundo grego, **a posibilidade da existencia dunha cadea infinita de causas** é **imposible.**
- Polo tanto, ten que, **necesariamente**, haber unha **causa primeira que sexa causa e razón do movemento.**
- Esta **primeira causa** é o chamado: ***Motor Inmóbil***.







Activar Windows

# O problema do Ser. Época clásica: Aristóteles. O motor inmóbil.

- O ***motor inmóbil*** é chamado así porque:
  - **Non é movido por ningúen** (inmóbil) nin, polo tanto, **non se move** (repouso, é un ***acto puro*** non posúe ninguna potencialidade).
  - **Move aos demais**

**Contradición**

# O motor inmóbil

Non entra no exame








# O problema do Ser. Época clásica: Aristóteles. O motor inmóbil.

- **Por que é eterno?** Porque –para Aristóteles- o tempo non ten un inicio, é polo tanto, o movemento tampouco. O universo leva movéndose eternamente é, polo tanto, o que orixina o movemento debe ser eterno.
- **Por que é inmóbil?** Porque –segundo a lóxica aristotélica- se o motor inmóbil tivera movemento, este sería debido a que alguén llo deu, polo tanto volveríamos a cadea de causas do movemento que non pode ser infinita.

# O problema do Ser. Época clásica: Aristóteles. O motor inmóbil.

**Quen ou que é ese motor inmóbil?**







# O problema do Ser. Época clásica: Aristóteles. O motor inmóbil.

- Aristóteles di que **Deus é o motor inmóbil.**
- O Deus aristotélico non é un deus en sentido monoteísta
- Para Aristotéles a ***substancia de Deus*** é a **intelixencia**, polo tanto identifica a Deus cunha intelixencia.



> "(Deus) El é tamén vida, porque a **intelixencia** tamén é vida e Deus é esa actividade mesma. [...] Xa sexa a súa **substancia** (a da intelixencia de Deus) a capacidade de entender, xa o acto mesmo de entender, que pensa esa **intelixencia**?
>
> (*Metafísica*, Aristóteles)

# Ser, substancia, esencia e existencia

- Segundo **Tomé de Aquino**:
  - ***Esencia*** é o **elemento que teñen en común** unha pluralidade de seres.
  - ***Existencia***: É o feito de ser.
  - **Existencia =/= Esencia** (se pode concebir unha esencia de algo que non exista)

